





Agustín Fernández Paz  
*Non hai noite tan longa*

Deseño de cuberta: Miguel Vigo  
Foto da cuberta: AP

1ª edición: abril 2011

© Agustín Fernández Paz, 2011  
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2011  
Dr. Maraño, 12. 36211 Vigo  
xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es>  
<http://xerais.blogaliza.org>

ISBN: 978-84-9914-252-4  
Depósito legal: VG 324-2011

Impreso en Huertas

*Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.*

Agustín Fernández Paz  
*Non hai noite tan longa*

 XERAIS  
narrativa



*A Inma e a Mariña, sempre*





O pasado é un país estranxeiro:  
alí as cousas fanse doutro xeito.

L. P. HARTLEY, *O mensaxeiro*

¿Quién dice que se olvida?  
No hay olvido.

LUIS CERNUDA, *Las nubes*

Reunide todo o ánimo que poidades.  
Que non hai noite tan longa que non remate en día.

W. SHAKESPEARE, *Macbeth*



## Inicio

Quizais xa non teña sentido chamarlle a miña casa. Hai moitos anos que abandonei este fogar coa promesa de non volver; para min debería ser só unha casa allea, unha máis deste barrio recluso no pasado. Mais, conforme camiño rúa arriba e me achego ao número 48, percibo como se me acelera o corazón e como se arremuíñan na cabeza as lembranzas dunha infancia que queda xa tan lonxe, nun turbillón que mestura voces, imaxes, sons, recendos... Por que é a luz do verán, esa luz intensa que fere nos ollos e mitiga o peso dos remorsos, a que acaba por impoñerse na memoria?

A rúa está baleira de xente, fixen ben vindo a esta hora da tardiña. Non desexo falar con ningún veciño, se é que aínda queda alguén que me lembre, despois de tanto tempo; non quero ter que dar explicacións que nin eu entendería. Por que marchei? Por que non regresei nunca, nin sequera cando morreu o meu pai? Tan só o pasamento de mamá foi capaz de vencer a miña resistencia e arrastrarme outra vez deica esta vila á que xurara non volver, a este lugar que sinto tan alleo como aquela Comala perdida entre a poeira.

Detéñome diante da porta. Cumpriría pintala de novo para que recuperase a cor branca que algún día tivo, nótase ben que aquí xa non vive xente. A miña irmá aseguroume que vén de cando en vez para abrir as fiestras e asollar a casa, para deixar que o aire percorra corredores e cuartos e os baleire de amarguras. Está ben que o faga, malia seren movementos inútiles, intentos vans de deter o afán destrutor do tempo.

Introduzo a chave na pechadura. Está recia, resístese a xirar; ha ser porque a porta empenou un pouco. Atopo menos resistencia se a levanto tirando do peito. Empuxo a porta, que varre o po do chan ao rozar coas baldosas e deixa debuxado nelas un arco perfecto. Entro, volvo pechar e fico inmóbil no comezo deste corredor inzado de silencios. Podería prender as luces, a claridade que entra de fóra é xa moi escasa. Mais, no canto diso, pecho os ollos con forza e deixo que a negrura me asolague.

Así, mergullado nas tebras, descubro que hai saberes que nunca esquecerei, saberes que habitan no máis fondo de min e que desaparecerán comigo. Coma tal, sei que para percorrer o corredor enteiro e chegar deica a porta que leva ao xardín tería que camiñar dezanove pasos, case a metade dos anos que levo fóra. Boto a andar, sempre cos ollos pechados, e detéñome cando levo dados oito. Sei que nese punto, á miña dereita, comezan as escaleiras que levan ao piso de arriba. Cantas veces as subín e as baixei durante os meus anos de neno?, cantas durante a miña adolescencia sombría? Moitas, máis que suficientes para quedaren gravadas a ferro na memoria. Por iso sei que despois de subir catro banzos está o primeiro relanzo, e que logo debo xirar á esquerda e subir oito banzos máis para chegar ao segundo. Desde el só

teño que xirar outra vez á esquerda e salvar os catro chanzos que faltan para acceder á entrada do piso.

Os meus ollos seguen obstinadamente cerrados, sei que a memoria me guiará por corredores e cuartos tan fielmente coma se camiñase iluminado pola luz máis clara. Paso a carón do espello de parede situado fronte ao mudo reloxo e resisto a tentación de abrir os ollos e mirarme nel; se cadra, teño medo de comprobar se contemplaría ou non a miña imaxe actual, tan distante da que reflectiu día tras día noutros tempos felices.

Chego ao final do corredor. Abro a porta da sala e abro tamén os ollos. Ten razón a miña irmá, todo permanece igual que sempre. Os mobles, a librería cos libros de mamá, as humildes reproducións de cadros famosos, o púcaro no centro da mesa, con flores de tea que algún día tiveron cor... Un intenso arreguizo percórreme de arriba abaixo cando a miña mirada se detén de súpeto no único elemento que rompe a imaxe gardada na memoria.

Hai unha cadeira ao pé da galería, e nela está sentado un home que olla a rúa a través dos cristais. A súa imaxe é un tanto borrosa, coma se se tratase dun holograma inestable, mais posúe a suficiente nitidez como para que a recoñeza decontado. Alí está o meu pai, vestido coa mesma roupa que levaba o día en que o vin por derradeira vez.

Paralizado polo abraio e polo medo, fico parado na porta. Os dous permanecemos inmóbiles ben de tempo, nun silencio roto só pola respiración incontrolada que sae do meu corpo. Que fai o meu pai nesta casa fría e sen alma, tras tanto tempo deshabitada? Que forza o empuxa a regresar a ela, trinta e dous anos despois da súa morte? Volverá a esta sala cada día ou só acudiu hoxe, sabedor da miña chegada?

Fico baleiro de preguntas cando o meu pai xira a cabeza. Olla para min sen sorpresa, coma se xa soubese desde sempre que hoxe me atoparía aquí, e, cunha voz que ao tempo me resulta estraña e familiar, pronuncia as palabras que, con certeza, mudarán para sempre a miña vida:

—Moito tardaches! Levo máis de trinta anos agardándote.